

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA**

*RESOLUCIÓN do 16 novembro de 2020 pola que se amplía o prazo establecido no artigo 30.1 da Resolución do 3 de agosto de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para proxectos de enerxía fotovoltaica, para os anos 2020 e 2021, cofinanciadas polos fondos comunitarios derivados do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 (DOG número 161, do 12 de agosto).*

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución deste procedemento será de catro meses, contados desde a data de presentación da solicitude (artigo 4 da resolución).

O prazo para presentar solicitudes das axudas remata o 1 de decembro de 2020 (artigo 3.3 da resolución).

De acordo co disposto no artigo 30.1 das bases reguladoras das axudas, a data límite para solicitar un anticipo, unha vez notificada a resolución de concesión, será o 1 de decembro de 2020.

O artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), establece que a ampliación de prazo poderá acordarse de oficio ou por instancia de parte antes do vencemento do prazo de que se trate e se as circunstancias así o aconsellan.

No presente procedemento de concesión de axudas os solicitantes non poden iniciar o proxecto ata ter presentado a solicitude de axuda, e moitos dos solicitantes esperan a que se lles notifique a resolución de concesión da axuda para empezar os traballos. A día de hoxe aínda non se ditou resolución de concesión e, polo tanto, non se pode solicitar o pagamento de anticipos, que teñen como data límite de solicitude o 1 de decembro de 2020.

Por todo o anterior, sobre a base dos requisitos e condicións previstos na normativa anteriormente citada,

DISPOÑO:

Primeiro. Modificar a data límite que figura no artigo 30.1 das bases reguladoras para solicitar un anticipo, ampliando o prazo ata o 28 de febreiro de 2021.



Segundo. De acordo co disposto no artigo 32.3 da LPACAP, contra o presente acordo non cabe recurso de ningún tipo.

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2020

Ángel Bernardo Tahoces  
Director do Instituto Enerxético de Galicia

